

O goberno local do PP saca adiante os seus orzamentos para o 2014 sen o apoio de ningún dos grupos da oposición

A abstención de Luís Orge (PSOE) permitiu a súa aprobación

O pasado martes 18 de febreiro celebrouse o pleno extraordinario sobre os orzamentos do 2014, onde a proposta do PP foi aprobada grazas ao "voto de calidade" do alcalde e á abstención do edil "socialista".

A concelleira de facenda do PP, Ana Alonso, comezou o debate dicindo que con estes orzamentos buscan cumprir o acordo plenario do 12/07/2011 onde se decidiu asumir unha senda financeira para o plan Marisma +, e que **manteñen intactas as bases de execución do orzamento 2013, onde se recollían as peticións dos outros grupos**. Presumiu que seguen na senda da austeridade e contención de gasto, que van asumir o gasto de Aqualia e de Sogama para que non repercuta nos cidadáns, que revisan padróns e actualizan ordenanzas, e que ordenan inspeccións para que os impostos se paguen de xeito solidario e xusto. A concelleira "popular" **considera que estes presupostos apostan polos servizos sociais, primando tamén ensino e emprego**. Lembrou que levan 3 plans de emprego e que solicitaron o cuarto. Considera que se creou emprego no 2013 porque baixou o número de parados. **Comprométense a sacar adiante o Plan Marisma construíndo o centro de día de Trasmañó, o novo pavillón deportivo e o paseo de Cesantes**. Aclarou que non puideron incorporar este Plan Marisma nin no 2012 nin no 2013. Anunciou tamén que reduciron un 20% os gastos en festas e reduciron as subvencións nominativas en deportes. **Amenazou que en caso de prorrogar os orzamentos, perderíanse todas as subvencións nominativas**: Lenda, Cáritas, Hermanos Pobres de Teis, ONG Da Man, Andaina, Millo Verde, Xente Titiriteira, Choco, SAR, Balonmán Chapela, Clube de Remo Chapela, Redondela Fútbol Sala...; e ademais **non se podería realizar o Plan Marisma** nin asumir a suba de Sogama.



O concelleiro de AER, Alfonso Blanco "Pochi", comezou a súa intervención criticando que o PP empregara os medios de comunicación para manipular á opinión pública. O 2 de febreiro xa se puido ler na prensa escrita como presentaron a "bombo e platillo" uns orzamentos teoricamente analizados e presentados a tódolos grupos políticos; **MENTIRA, OS ARCHIVOS DEFINITIVOS FORON RECIBIDOS O VENRES 7 DE FEBREIRO**, sen tempo suficiente para ser avaliados. O PP anuncia que se recollen propostas cando non houbo tempo de reunirse nin debater previamente como é debido.

Entregóusenos un primeiro borrador en xaneiro que xa ao día seguinte non tiña validez, tivemos un segundo borrador a mediados de xaneiro, pero non tivemos os datos da execución do orzamento do 2013 ata unha semana máis tarde, só nos enviaron os gastos e tivemos que reclamar os ingresos, co seu conseguinte retraso. O 7 de febreiro recibimos o borrador definitivo coa execución "definitiva" do 2013, e o resto da documentación. E o día 11 de febreiro convocouse este pleno extraordinario. Todo coa mesma premura que se deu a concelleira de Facenda en publicitar na prensa as bondades dos seus novos orzamentos.

Dende AER lembrámoslle á concelleira de Facenda que os orzamentos participativos e as bases de execución xa se recollían o ano pasado, e tamén votamos en contra deses orzamentos. Tal vez se fai memoria, poderá lembrar que agardou ao último día para incluír esta petición dos orzamentos participativos, **petición recollida na base 82ª e que este ano se modificou**, xa que o ano pasado supoñían o 1% do orzamento e este ano supoñen o 1% "sen contar coas subvencións de capital". Esta modificación fixérona pola súa conta, non é cousa de AER; e se andiveron tan rápidos para colgarse a medalla dos orzamentos participativos, tamén **deberán explicarlle aos veciños e veciñas por que este ano se reduce a súa contía, en vez de ser 185.000 van ser 166.000 €.**

Xa no primeiro pleno de orzamentos ao que assistiu AER, no 2012, **dixémoslles que a nosa abstención non era un cheque en branco**, que iamos estar moi pendentes non só da execución orzamentaria, senón da súa forma de proceder, e ese proceder foi de mal en peor:

- Por enésima vez volvemos queixarnos dos **rexistros presentados que non reciben resposta.**

- Queixámonos de que os concelleiros non convoquen as comisións que están obrigados a convocar, que AER solicite a súa comparecencia en pleno e acto seguido se convoquen as comisións.

- Queixámonos outra vez de que se inflen as estimacións de ingresos.

- Queixámonos de que se publicite a redución de 58.000 euros en festas cando ninguén pode contrastar esa redución.

- Queixámonos de como con nocturnidade e aleivosía tentaron facer unha **recalificación de terreos de costas aos cidadáns.**

- Queixámonos de que se queira construír un novo pavillón cando se gastaron 423.000€ na reforma do actual hai catro anos. É que non saben que temos parroquias con deficientes instalacións deportivas?

- Queixámonos de que o señor alcalde se empeñe na construción do paseo marítimo de Cesantes cando o estado actual do paseo da Punta da Praia dá pena, tramo no que xa se investiran 23.000€ no anterior plan FEDER.

Tal vez o que **realmente desexen é dar lexitimidade a todas esas "casas", "bungalows", "caravanas", etc, que foron aparecendo de xeito ILEGAL neste tramo no que se pretende facer o novo paseo.**

- Tampouco é de recibo falar de acondicionar o edificio do Centro de Día de Trasmañó sen saber como vai ser o seu funcionamento. Vai ser un centro público dependente do Concello? De ser así, sabemos canto lle custaría ao Concello o seu mantemento? **Ímolo privatizar? Vai converterse nun monumento como o de Cesantes?**

- **Non entendemos que soamente adiquen a Servizos Sociais 219.986 euros, a Igualdade 76.516 euros e ao Servizo de Axuda ao Fogar (SAF) 275.000 euros.** Non é razoable que na situación de alarma social que atravesamos pretendan facer pasar isto como un "gran gasto social", a non ser que Redondela sexa "sitio distinto" e vostedes crean que non existe tal alarma social e si moito vago. Non nos digan que non hai cartos.

A voceira do BNG, Cecilia Pérez Orge, criticou o discurso do medo da concelleira de Facenda. Pensa que na xestión non se priman nin os servizos sociais, nin o ensino nin o emprego, criticou que deixaran **partidas sociais sen gastar** e tamén a política de emprego do PP, pois a bolsa de emprego dota de man gratuíta a certas empresas. Considera que non é significativo o número de parados (xa que depende da casuística, como a emigración), senón que o significativo é o número de postos de traballo que se crean. Dende o BNG pensan que o orzamento é unha ferramenta para facer política e o BNG non vai apoiar a política do PP, polo que a súa voceira anunciou que votarían en contra.

O voceiro do PSOE neste pleno, Eduardo Reguera, sinte que os socialistas foron sometidos a unha chantaxe, por aqueles que durante 3 anos non escoitaron as súas advertencias, cando pedían blindar o Plan Marisma. Lamentouse de que os chantaxeen con que non se vai cumprir o Plan Marisma e coa perda das subvencións nominativas, para facer responsable ao PSOE. Reguera criticou que realmente en Servizos Sociais recortan 2.800 euros e que no 2013 gastaron moi pouco do presupostado nesta área.

 *
 *
 *
 *
 *
 *
XA TEMOS FORO!!! ENTRA, REXÍSTRATE E OPINA
 *
 *
 *
 *
 *
 *
 *
<http://aerforo.foroactivo.com>
 *
 *
 *
 *

Na súa segunda intervención, Ana Alonso insinuou que se fora polo BNG, Plastic Omnium estaría pechada. Tamén afirmou que no 2013 tentaron recoller todas as aportacións da oposición nos orzamentos e que **se ofreceron a deixar o goberno se no se aprobaban.**

O concelleiro de AER dixo que descoñecemos o contido do Plan de Obras. Nós poderíamos sentarnos a falar de orzamentos se iso supuxera un compromiso no gasto, establecer prioridades e ter un plan consensuado de inversións. Queremos que colectivos como Lenda cobren antes. Pero **o PP quere vía libre durante un ano para facer o que lle pete cando lle pete. Nós entendemos que non só importa o que se fai, senón que reivindicamos a importancia de como se fai, e por iso reivindicamos a máxima transparencia e rendición de contas sen ter que andar detrás de cada partida de gasto.** E como enfocamos os servizos privatizados? Agardamos que no 2014 teñamos as contas máis claras e poidamos determinar se merece a pena pagar o que se paga.

Alfonso Blanco "Pochi" confesou que "non estamos seguros de ata que punto realmente quere o PP aprobar estes orzamentos, porque, se nos coñecen, saben que nós con estas présas e con informacións de última hora non funcionamos, nin tragamos. Se realmente queren aprobalos, **xa nos contarán que as se gardan na manga.** Porque se non teñen ningún triunfo gardado, **propoñémoslle que retiren esta proposta para así poder ver se somos capaces de consensuar algo**".

A voceira "nacionalista" pregúntase se o PP só deriva aos parados a Plastic Omnium e se o PP tamén busca liña directa na contratación; o BNG non pide o seu peche, senón que nas ampliacións se cumpra coa normativa medioambiental. **Cecilia Pérez critica que se envía xente no paro a facer prácticas, pero que non son prácticas, pois traballan a quendas como calquera traballador que leve moito tempo na fábrica.** Pensa que o PP nunca fixo propias as actuacións do Plan Marisma, que ao PP lle dá igual que se faga ou non, e que nunca quixeron facer o Centro de Día. Avisa que por un investimento moi necesario como ese non van condicionar o voto de 18 millóns de euros tal como os gasta o PP, o problema non son os orzamentos no papel, senón como se executan.

Eduardo Reguera (PSOE) dixo que non viron unha partida para o PXOM nin inversión en

saneamento e critican que non se conseguiu nin un euro de Augas de Galiza para saneamento en Redondela. **Dende o PSOE pensan que o orzamento é irreal en canto aos ingresos e enganoso en canto aos gastos,** despois de ler o informe do interventor. Avisou que o PSOE vai votar en contra e non se fai responsable da negligencia e da falta de xestión do goberno local.

Na última intervención, a concelleira de Facenda **recoñeceu que o orzamento xa o tiña feito pero non o facilitou a AER como outros anos.** Criticou que o BNG non fixera propostas e informou ao PSOE que van adicar o remanente a saneamento e que van incorporar 100.000 euros do ano anterior para o PXOM. **Rematou o pleno poñendo na diana aos concelleiros/as do PSOE:** "señor Orge, como presidente da SAR que foi, vai dicirle que quedan sen pavillón deportivo; Reguera di non ao pavillón que prometeu na campaña, Leonardo e Saco están en contra do paseo de Cesantes e van de defensores da súa parroquia, Leticia e Antonio Cabaleiro deixan sen cartos ao Balonmán Chapelá e ao Clube de Remo de Chapelá, Digna deixa aos veciños de Trasmañó sen o centro de día...".

E cando parecía que toda a oposición ía votar en contra, Luís Orge (PSOE) pediu a palabra pra explicar o seu voto, que foi de abstención. Agradeceu que lle deran liberdade de voto e recoñece que cedeu á chantaxe do PP. Dixo que fora 12 anos presidente da SAR, loitando por un novo pavillón, que non está orgulloso pero que a súa conciencia non lle deixaba votar en contra do orzamento e impedir que se fixese ese pavillón.



VERDADES, MENTIRAS E DATOS ESTADÍSTICOS

Ana Alonso: "No orzamento do 2014 mantéñense intactas as bases do orzamento do 2013" ???

MENTIRA!!! Modificouse a base 82ª para non incluír as aportacións da Comunidade Europea e da Xunta de Galiza no cálculo do 1% para os orzamentos participativos. Este cambio implica que a cantidade para orzamentos participativos este ano vai ser de 166.688 € en vez de ser 185.167 € se se mantiveran as bases do ano pasado. Parece que non se queren dar conta de que xa fai demasiado tempo que **non nos fiamos de vostedes**, todo o que nos dan revísase (poden preguntarlle ao concelleiro que copiou unha ordenanza municipal de Vigo e dixo que era unha proposta súa). Estabamos dispostos a ter máis reunións, pero non para falar de partidas, senón de como se executan, concretar como se van usar, que criterios teñen, por que se inclúen partidas que sistematicamente non se usan... **Os números non nos importan tanto, o que nos importa é como van priorizar o gasto** se, como é moi probable, non acaden os ingresos previstos, xa que non poderán executar os gastos previstos. Seguro que van levar adiante o Plan Marisma, xa que veñen eleccións e iso vende moito, pero, ¿que vai pasar coas outras partidas de gasto? E tamén podíamos falar nesas reunións de cales son as prioridades deste Concello. É prioritario un novo pavillón de deportes a 50 metros do actual que foi reformado hai catro anos ou é prioritario arranxar as pistas de pavillóns como os de Reboreda ou Porto Cabeiro? É máis importante facer un paseo marítimo diante dunha serie de vivendas ilegais ou reparar o que está 100 metros antes? Para nós **as prioridades están noutro lado**. Preferimos un novo PXOM a recalificacións arbitrarias, preferimos o gasto social aos Lolapops e "tenderetes" de fin de ano. A política deste Concello durante anos foi construír e inaugurar, e vostedes non ían ser menos. **Pero AER non se formou para saír nas fotos nin para inaugurar obras faraónicas.**

Dende esta Agrupación, **sempre tivemos un trato directo e moi correcto coa edil de Facenda, Ana Alonso**. Sempre obtivemos respostas ás nosas preguntas e sempre nos aclarou as dúbidas (cousa que non gustaba dentro do PP); así que **non entendemos a súa actitude no pasado pleno**. Este debate foi puro teatro, e por iso non precisaba mentir nin ameazar. Unha falacia reiterada foi iso de "se non se aproban estes orzamentos...". Non señora Alonso, o que debería dicir era "se non se aproban os orzamentos". Trátase dunha soa palabra, pero o significado cambia de xeito radical. É necesario aprobar os orzamentos? SI, nós pensamos que si; pero non de calquera xeito. Tamén chega a **dicir que cumpren case o 100% das previsións de ingresos**. Iso parécenos un insulto. Acaban de darnos os informes do 2013 e o que din é que dunha previsión inicial de 16.225.750 € (18.586.260 € despois de modificacións) teñen uns dereitos recoñecidos netos de 15.620.340 € e unha recadación neta de 13.927.550 €. ¿Era necesario ese autobombo e aínda por riba falseando os datos? ¿E como se pode ameazar que se non se aprobaban eses orzamentos os clubs deportivos ou institucións como Lenda ou Cáritas quedarían sen subvencións, xa que cos orzamentos prorrogados non habería subvencións nominativas? Poderíamos remontarnos aos tempos do goberno de Xaime Rei para ver que este tipo de subvencións concedíanse cos orzamentos prorrogados, pero non será necesario. Os orzamentos do ano 2013 aprobáronse en xullo do 2013, e ata entón estiveron prorrogados os do 2012, e ata ese mes, vostedes, **levantando os reparos do interventor, adxudicaron axudas a Choco, SAR, Clube de Remo Chapela, Balonmán Chapela, Millo Verde, Redondela en Curto e Títeres. Polo contrario, Lenda, Cáritas e outras institucións sociais ou de carácter benéfico, que mencionou torticeramente neste pleno, tiveron que esperar ata fin de ano**, xa cos novos orzamentos aprobados, para recibir as súas subvencións. Demostraron a súa a talla moral. Poderíamos estendernos sobre a actitude soberbia, prepotente da señora Ana Alonso no último pleno acusando, sinalando e poñendo na diana aos concelleiros da oposición, culpándoos de todo o que se ía perder de non aprobarse eses orzamentos; pero será mellor parar, non vaia ser que a conciencia dalgún concelleiro do PSOE se vexa afectada e lle dea por cambiar o seu voto... Señora concelleira, o debate é outro, e non precisa dese tono nin desas falacias, nin desas mentiras. Só precisa menos prepotencia e máis orella para escoitar. Se son así en minoría, como serían en maioría?! E agora **a ver se cumpren cos prazos do plan Marisma**, xa non teñen escusa de que a culpa é de AER, do interventor, da herdanza do bipartito...

ACHÉGATE!!!



Se queres denunciar irregularidades, suxerir melloras, despxear dúbidas ou formar parte de AER, ponte en contacto en

info@aeredondela.com

Correo: Paseo da Xunqueira, 33-1º

Cantos máis sexamos, máis poderemos facer!

Síguenos en
www.aeredondela.com



Non me tires, pásame ou recíclame!!!

PAPEL RECICLADO

BOLETÍN Nº 17

21 FEBREIRO 2014